

# COSTA DE RIBEIRA

Adela Leiro, Mon Daporta

xullo 2018



**Distancia**: 54 km lineias, máis desvíos ou camiñadas

**Dificultade**: baixa




1-Praia do Rial (Recabeira)
2-Punta Pardiñeiras
3-Punta Laxe Brava
4-Punta do Corgo
5-Praia de Balieiros
6-As Covas e O Portiño
7-Cabo Corrubedo
8-Punta Outeiro dos Corvos
9-Enseada Chan de Teira
10-Punta Praxeo
11-CORRUBEDO
e praia Ribeira de Prado
12-Praia Robeira
13-Praia Ladeira e duna de Corrubedo
14-Lagoa do Carregal
15-Illote Ferreiro
16-Praias da Lagoa e do Vilar
17-Praia do Anguieiro
18-Lagoa de Vixán
19-Punta da Graña
20-Pedras e punta Congreiras
21-Punta Cabos Gordos
22-Punta Sendón
23-Praia e punta Area Basta
24-Illote A Roncosa
25-Punta Falcoeiro
26-Arquipégo de Sagres
ARQUIPÉLAGO DE SÁLVORA
27-Illa de Sálvora
28-Bionta
29-Con de Nor/Noro
30-Punta e illa de Couso
31-Praia Celeiráns
32-Punta da Barca
33-Punta e porto da Covasa
34-AGUIÑO
35-Praia da Tasca
36-Praias do Carreiro das Centoleiras
37-Illotes do Carreiro e As Centoleiras
38-Praias do Castro e Areeiros
39-Punta do Castro
40-Punta e praia de Castiñeiras
41-Punta e praia Mosqueiros
42-Punta e praia da Ameixida
43-Illotes Irós
44-Praia Area da Secada
45-Praia da Furna
46-Punta e peirao de Touro
47-Punta e praia Gaivoteira
48-Punta Pateira
49-A Ínsua
50-RIBEIRA
51-Praia de Coroso
52- Illa de Coroso
53-Praia do río Azor
54-Punta Aguiuncho
55-Punta da Grades
56-Illa das Cabras
57-PALMEIRA
58-Praia da Corna
59-Illa de Rúa
T-Monte Taúme
C-Castro da Cidade
D-Dolme de Axeitos

O concello de Ribeira está situado entre o mar aberto e a boca norte da ría de Arousa, debaixo do extremo oeste da serra do Barbanza. A costa é moi recortada e variada con numerosas praias, coídos, cantís, illas, illotes, lagoas litorais e pequenas enseadas. É unha zona de amplas e fermosas paisaxes que acolle hábitats mariños e terrestres dun grande valor ambiental. Parte está protexida no Parque Nacional das Illas Atlánticas e no Parque Natural e LIC/ZEC Corrubedo. Propoñemos un percorrido en coche pola costa de Ribeira (de norte a sur ou ao revés) que se pode completar con camiñadas, en función do tempo que se lle queira dedicar e do detalle con que se queira facer (ver mapa).




**PERCORRIDO:**

Comezamos achegándonos pola estrada de Ribeira a Corrubedo e no desvío de Olveira collemos cara á Seráns para visitar a **praia do Rial ou de Recabeira**, onde comeza o concello, e desde alí podemos visitar as **puntas Pardiñeira, Laxe Brava e do Corgo**.

Volvemos atrás e seguimos ata a **praia de Balieiros** e o **Cabo Corrubedo**, onde está o **faro** e desde o que se pode facer un paseo ata As Covas e O Portiño. Entre este punto e a localidade de Corrubedo hai unha interesante costa que hai que percorrer a pé: **Punta Outeiro dos Corvos**, **enseada Chan de Teira e Punta Praxeo.**

En **Corrubedo** visitamos o porto, as **praias de Ribeira de Prado e Robeira**, e podemos achegarnos ao **Parque Natural** seguindo a praia.

Collemos de novo a estrada de Ribeira e o desvío ao Vilar. En **Olveira** hai un acceso para achegarse á gran **duna** e á **lagoa do Carregal** e en **Vilar** o acceso ao **centro de interpretación e ao Parque Natural** (**praias da Lagoa, O Vilar e do Anguieiro)**. Desde Vilar imos a **Vixán** para ver a lagoa e seguimos ata a **punta da Graña**. Desde este punto hai unha sucesión de praias, coídos e cantís que hai que visitar a pé: **pedras e punta Congreiras, punta Cabos Gordos, punta Sendón, praia e punta Area Basta e Illote A Roncosa**. O seguinte punto é a **punta Falcoeiro** desde onde podemos ver tamén a **os arquipélagos de Sagres e de Sálvora** coas **illas Bionta e Con de Nor.** Podemos achegarnos tamén á punta e praia de Couso.

Volvemos á estrada e seguimos ata **AGUIÑO** onde hai parada obrigada con moitas opcións: a **praia Celeiráns**, a **punta da Barca**, a **punta e porto fenicio da Covasa**, o **porto**, as **praias da Tasca, do Carreiro das Centoleiras**, **O Castro e Areeiros** e **os illotes do Carreiro e As Centoleiras**.

De volta na estrada de Ribeira seguimos, sempre que se poida, pola beira do mar onde iremos vendo unha sucesión de puntas, illotes praias e pequenos portos que conservan restos de antigas salgas: **punta do Castro**; **punta, porto e praia de Castiñeiras**; **punta e praia Mosqueiros**; **praia e peirao da Ameixida**; **illotes Irós**; **praia Area da Secada**; **praia da Furna**; **punta, praia e peirao de Touro**; **punta e praia Gaivoteira**, **Punta Pateira e A Ínsua**; ata rematar no **PORTO DE RIBEIRA**, de visita obrigada. Seguimo pola estrada da costa en dirección á Pobra e pasamos pola **praia de Coroso**, desde onde podemos ver tamén a **illa de Coroso** e seguimos ata **PALMEIRA**, onde destaca o **porto** antigo e desde onde podemos achegarnos á pequena **praia de río Azor**, ás **puntas Aguiuncho** e **das Grades** e á **praia da Corna** (remate do concello). Desde Palmeira temos unha boa vista da **Illa de Rúa** co seu faro.

Podemos completar a viaxe coa subida a dous miradoiros, o **monte Taúme** e o **castro da Cidade**, que nos axudan a situarnos na zona e a gozar de fermosas panorámicas; o **dolme de Axeitos** (Olveira) ou o **museo etnográfico de Artes**.



1-Praia do Rial (Recabeira) e punta Pardiñeiras.
O rego de Espiñeirido marca o linde do concello de Ribeira.



2-Punta Pardiñeiras



3-Punta Laxe Brava


Vista aéreada punta da Laxe Brava, o Cabo Corrubedo, o Parque Natural e a punta de Sagres


4-Punta do Corgo


5-Praia de Balieiros


6-As Covas e O Portiño. Ao fondo o faro de Corrubedo


7-Cabo Corrubedo e punta Buraseira


8-Punta Outeiro dos Corvos


9-Enseada Chan de Teira





10-Punta Praxeo



11-CORRUBEDO e praia Ribeira de Prado



12-Praia Robeira (Corrubedo)



13-Praia Ladeira e duna de Corrubedo



14-Lagoa do Carregal e praia de Corrubedo
(vista desde o miradoiro da Ra no Castro da Cidá)



15-Illote Ferreiro



16-Praias da Lagoa e do Vilar



17-Praia do Anguieiro



18-Lagoa de Vixán





19-Punta da Graña



20-Pedras e punta Congreiras



21-Punta praia Cabos Gordos



22-Punta Sendón



23-Praia e punta Area Basta



24-Illote A Roncosa



25-Punta Falcoeiro



26-Arquipégo de Sagres






30-Punta e illa de Couso



31-Praia Celeiráns



32-Punta da Barca



33-Punta e porto da Covasa



34-AGUIÑO



35-Praia da Tasca



36-Praias do Carreiro das Centoleiras
37-Illotes do Carreiro e As Centoleiras



38-Praias do Castro e Areeiros



39-Punta do Castro



Punta do Castro
con Aguiño ao fondo





40-Punta e praia de Castiñeiras



41-Punta e praia Mosqueiros



42-Punta e praia da Ameixida



43-Illotes Irós



44-Praia Area da Secada



45-Praia da Furna



46-Punta e peirao de Touro


47-Punta e praia Gaivoteira


48-Punta Pateira


49-A Ínsua


50-RIBEIRA


51-Praia de Coroso


52- Illa de Coroso


53-Praia do río Azor


54-Punta Aguiuncho



55-Punta da Grades



56-Illa das Cabras





56-A Insuela



57-Praia da Camba/Gaivotiñas



57-PALMEIRA. Praia do Baluarte



PALMEIRA



57-Dornas en Palmeira



57-Illa A Tixosa



Palmeira desde
a Praia da Corna



58-Praia da Corna e límite do concello



59-Illa de Rúa



Costa de Ribeira na ría de Arousa